

# **IMPACTO MEDIOAMBIENTAL E DESIGUALDADES SOCIOECONÓMICAS**

## **1.- Impacto medioambiental.**

### **1.1.- Problemas do relevo.**

O relevo é o conxunto de formas que adopta a superficie terrestre. Fórmase polo efecto das forzas internas (oroxénese, sismos, volcáns) e transfórmase coas forzas externas (erosión por distintos axentes).

O ser humano é un dos factores máis erosivos, con actividades como a explotación de minas ou a construción de infraestruturas.

Isto ten como consecuencia a destrución e o afeamento da paisaxe.

Afecta sobre todo aos países pobres, onde a minaría é a actividade económica fundamental.

### **1.2.- Problemas do solo.**

A erosión atopa as súas causas na deforestación e nas prácticas agropecuarias nocivas, como a agricultura intensiva, o monocultivo, o excesivo pastoreo, etc.

Pola súa banda, a desertificación consiste na perda da capa fértil do solo. A súa orixe é a erosión e a sobreexplotación da auga, e causa graves problemas económicos e de alimentación.

En terceiro lugar, as áreas máis afectadas pola contaminación son as zonas de agricultura intensiva, as áreas industriais e os vertedoiros de lixo. Os problemas ocasionados pola contaminación son, principalmente, a inxesta de substancias tóxicas polos seres vivos, os problemas sanitarios e a perda de valor do solo.

Do mesmo xeito que ocorría nos problemas do relevo, a maior incidencia dáse nos países subdesenvolvidos pola ausencia de lexilación ambiental.

### **1.3.- Problemas da auga.**

A sobreexplotación ven propiciada polo consumo excesivo deste recurso para usos agrarios, urbanos ou industriais, cunha redución drástica do mesmo.

Entre as causas da contaminación da auga hai que facer referencia ao uso de produtos fitosanitarios na agricultura, verteduras industriais e urbanas, accidentes de petroleiros (Prestige), etc.

Coa contaminación, a auga deixa de ser apta para o consumo. Afecta principalmente aos países máis pobres, os cursos de auga máis próximos ás grandes cidades e industriais, e os mares pechados (Mediterráneo, Negro, Caspio).

### **1.4.- Problemas da atmosfera.**

O quentamento global ven dado polo efecto invernadoiro, provocado pola industria, o tráfico e a combustión das calefaccións. As súas consecuencias son o aumento da temperatura da Terra, as secas, desertización, inundacións, ascenso do nivel do mar, etc.

No referido á contaminación atmosférica, atopamos as súas causas nas emisións das centrais enerxéticas, calefaccións, industrias e tráfico. Entre as súas consecuencias cabe sinalar a chuvia ácida e a contaminación do aire; enfermidades respiratorias e cancro.

### **1.5.- Deforestación.**

Cofécese con este nome a desaparición da cuberta vexetal.

As causas da deforestación son as queimas ou cortas masivas para obter novas terras para uso agrario ou residencial, madeira para as industrias, construír infraestruturas, leña para cociña ou calefacción, etc.

As súas consecuencias son o aumento do dióxido de carbono, a diminución de reservas de auga, a erosión do solo e a extinción de especies animais e vexetais.

Nos países desenvolvidos adóptanse medidas de recuperación da cuberta forestal, non así nos subdesenvolvidos ou nos emerxentes.

### 1.6.- Redución da biodiversidade.

A biodiversidade é a cantidade de especies animais e vexetais da Terra.

Esta redúcese pola alteración dos hábitats naturais, a caza excesiva e a introdución de especies invasoras, tanto animais como vexetais.

Nos países desenvolvidos o control é maior, pero nos menos desenvolvidos os danos son máis graves, xa que a súa maior diversidade pon en risco unha maior cantidade de especies.

## 2.- Desigualdades socioeconómicas.

### 2.1.- Indicadores de desigualdades.

A riqueza é o indicador tradicional das mesmas. Mide a capacidade de adquirir bens materiais a través do PIB (produto interior bruto), que indica a produción total dun país, e do PIB per cápita, que ofrece o dato da riqueza media dun país por cada habitante.

Na actualidade, o medidor máis empregado é o benestar, é dicir, o nivel de satisfacción da poboación.

O concepto do benestar baséase na satisfacción das necesidades básicas (alimentación, ensino, sanidade) e non básicas (bens de consumo); no nivel de igualdade social; o nivel de liberdades, dereitos políticos e seguridade; e a calidade do medio ambiente.

A ONU emprega o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH), que mide o PIB por habitante; a taxa de alfabetización de adultos, a taxa de matriculación no ensino primario, secundario e superior, e os anos de duración da educación obrigatoria; e a esperanza de vida.

O Índice Gusano, proposto por Peter Hotez, asocia a cantidade de parasitos que viven nas persoas coa imposibilidade de saír da pobreza, polos seus efectos negativos a longo prazo no crecemento infantil, a saúde das nais e a produtividade dos traballadores.

### 2.2.- Graos de desenvolvemento.

	<b>Países desenvolvidos</b>	<b>Países subdesenvolvidos</b>	<b>Países emerxentes</b>
<b>Economía</b>	Elevado PIB per cápita. Alto consumo de bens.	Baixo PIB per cápita. Escaso consumo.	Baixo PIB per cápita. Salarios baixos. Consumo moderado.
<b>Sociedade</b>	Ampla clase media con acceso aos servizos básicos.	Grandes diferenzas sociais. A maioría non ten cubertas as necesidades básicas.	Clase media en aumento. Persisten as desigualdades.
<b>Dereitos e liberdades</b>	Democracias consolidadas con dereitos e liberdades recoñecidas.	Sistemas autoritarios. Corrupción. Pouco respecto aos dereitos e liberdades.	Democracias recentes. Respecto limitado a dereitos e liberdades.
<b>Pegada ecolóxica</b>	Alta, inda que cada vez hai máis medidas de control.	Baixa, pero en aumento.	En aumento, co desenvolvemento da industria.
<b>Países</b>	USA, Canadá, UE, Suíza, Xapón, Australia, Nova Zelandia.	África subsahariana, centro de Asia, América Latina e Caribe.	BRIC, México, Arxentina, algúns países de África, Oriente Medio.

### 2.3.- Causas das desigualdades.

Existen dous tipos de causas, as internas e as externas.

As internas son as propias de cada territorio. Entre elas podemos destacar as seguintes:

Condicións naturais pouco aptas para o desenvolvemento económico (climas moi húmidos ou moi secos) e con propensión a catástrofes (furacáns).

Escasa explotación dos recursos pola falta de capital, pouca formación e atraso tecnolóxico.

Desequilibrio entre poboación e recursos; a primeira aumenta a un ritmo máis rápido que os segundos.

Inestabilidade política. Conflitos armados e corrupción.

No referido ás causas externas podemos falar principalmente de dúas:

O dominio externo a través da colonización. Os territorios colonizados dependen das metrópoles colonizadoras, que organizan a súa economía e dirixen a súa política.

A débeda externa, é dicir, o endebedamento pola solicitude de créditos para o desenvolvemento, prexudica os investimentos en industria, infraestruturas e servizos, con efectos contraproducentes, pois a maior parte dos recursos destínase a pagar os intereses dos créditos en lugar de dirixirse cara o propio desenvolvemento.